



CARBALLO
XANEIRO-ABRIL 2025

**#CULTURA
CON FORZA**



#CULTURA
CON FORZA

Cultura con forza para nutrir o inverno e a primavera, para vivir e para enriquecer a nosa experiencia. Para xerar redes e para gozar da creatividade

e das obras do vigoroso tecido cultural galego. Cultura como un dereito a ser, a identificarnos, a relacionarnos, a aprender, a gozar, a compartir e a crear. Cultura para seguir construíndo Carballo e consolidalo como referente.

Cultura en abundancia para chegar a todas e a todos; con fartura, poñendo en valor esta expresión tan propia de Carballo.

Cultura co pulo e a diversidade do teatro, da música, da danza, das artes plásticas ou da imaxe, do audiovisual, das letras e da nosa identidade, que este ano celebraremos recuperando o labor esencial das cantadeiras, mulleres creadoras e transmisoras dunha tradición que en Carballo segue viva e ás que nos enche de orgullo que se dedique o Día das Letras Galegas 2025.

Amal en Ruta

Mostra de cine euroárabe



LUGAR: PAZO DA CULTURA
ACCESO: GRATUÍTO ATA
COMPLETAR AFORO



A Concellaría de Cultura e a Fundación Araganey-Puente de Culturas colaboran neste proxecto que pretende o achegamento cultural co mundo árabe a través do cine. A identidade, a resistencia cultural e as realidades sociais dos países árabes son os eixos desta edición, que baixo o lema *Existir é resistir* céntrase na resistencia do pobo palestino.



30 XAN xoves - 20.00
The teacher

Un mestre palestino enfróntase á devastadora realidade do conflito en Gaza mentres trata

de inspirar aos seus estudantes a través da educación. O ensino como acto de resistencia.

Longametraxe ficción | Farah Nabulsi | 2023
Palestina | 115 min




1 FEB sábado - 20.00
Inshallah walad

Nawal, nai e ama de casa, enfróntase á morte súbita do seu marido. A lei de sucesións non

lle da dereito á herdanza ao non ter un fillo. Desesperada, finxe estar embarazada.


Longametraxe ficción | Amjad Al Rasheed | 2023
Xordania, Francia, Arabia Saudita, Qatar, Exipto | 113 min



6 FEB xoves - 20.00
The old oak

Esta é a historia do único pub que resiste no noroeste de Inglaterra, The Old Oak. Un lugar ideal, trala marcha dos mineiros, para un grupo de refuxiados sirios.

Longametraxe ficción | Ken Loach | 2023
Reino Unido | 110 min



13 FEB xoves - 20.00
To a land unknown

Dous curmáns palestinos, Chatila e Reda, viven en Atenas. Pero queren ir a Alemaña, polo que conseguen pasaportes falsos tramando un plan extremo.

Longametraxe ficción | Mahdi Fleifel | 2024 | Grecia, Reino Unido e Palestina | 105 min



20 FEB xoves - 20.00
Bye bye Tiberias

A actriz Hiam Abbass regresa a Palestina desde Francia coa súa filla. Esta é a historia da súa familia,

de catro xeracións de mulleres e o seu legado compartido de separación.

Longametraxe documental | Lina Soualem | 2023
Palestina, Bélxica, Qatar, Francia | 82 min

Venres Culturais

7 FEB venres - 21.00



BUTACAZERO (Galicia)

O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada

Cunha sinceridade crúa e o seu clásico humor irónico, Carrodegas aborda neste texto de auto[NON]ficción a súa relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho desta apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te escondas, a gordofobia sempre está ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

Intérprete e autora: Esther F. Carrodegas
Música: Juanma LoDo
Dirección e iluminación: Xavier Castiñeira

55 min | Público adulto | 5 € / 3 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

14 FEB venres - 21.00



16 FEB domingo - 18.00



21 FEB venres - 21.00



14 MAR venres - 21.00



© Leo López



EN FAMILIA



IBUPROFENO TEATRO PRESENTA
RECONVERSIÓN
 DE SANTIAGO CORTEGOSO

ARTUR ABAD
 CRISTINA COLLAZO
 SANTIAGO CORTEGOSO
 CÉSAR GOLDI
 CELIA GONZÁLEZ
 DAVIDE GONZÁLEZ
 FRAN LAREU
 NANI MATOS

DIRECCIÓN
 SANTIAGO CORTEGOSO



un texto de Yasmina Reza

DAVID AMOR E JOSITO PORTO

(Galicia)
Go home!

David é un fanático do turismo que xa viviu todas as aventuras que as axencias lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer.

A realidade sobre as problemáticas asociadas a Galicia con respecto ao turismo é a base desta comedia, protagonizada por David Amor e Josito Porto, onde ten cabida a reflexión, a diversión e a investigación escénica.

Intérpretes: David Amor e Josito Porto
 Deseño de son: Xavier Anxo Núñez
 Deseño de iluminación: Laura Iturralde
 Autoría: José Luís Prieto. Dirección e adaptación: Tito Asorey

90 min | Público adulto | 7 € / 4 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios

PT EXCÉNTRICAS (Galicia)

Monstros

Amanda, Valentín, Clo e o silencioso Max teñen un plan perfecto para loitar contra toda unha tarde de aburrimiento: ir á casa das pantasma que hai preto da saída da vila. Historias aterradoras envolven ese lugar, atoparán alí ao vampiro de Lalín? Haberá algún outro ser pantasmagórico?

Esta é unha divertida aventura para toda a familia que nos fará rir e reflexionar sobre aquelas cousas que nos causan temor, sobre todo as que son diferentes a nós.

Intérpretes: Rocío González, Victor Mosqueira, Piti Sanz e Patricia Vázquez. Escenografía: Marcelino de Santiago "Kukas". Deseño de iluminación: Octavio Mas. Deseño de son: Piti Sanz. Autoría: Lucía Aldao e María Lado. Dirección: Marcos Orsi

55 min | A partir de 4 anos | 7 € / 4 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios

IBUPROFENO TEATRO (Galicia)

Reconversión

Esta é a historia do pai do autor do texto, José Cortegoso, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e as mobilizacións dos anos 70 e 80. Entre o íntimo e o político, este proxecto é un exercicio de memoria histórica arredor do sector naval na Ría de Vigo.

Ibuprofeno Teatro, con oito actores-músicos en directo, presenta unha viaxe desde a posguerra ata o felipismo dos 80 e a evolución da vida rural a unha sociedade capitalista.

Intérpretes: Artur Abad, Cristina Collazo, Santiago Cortegoso, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos. Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio. Escenografía: Pablo Giráldez "o Pastor". Vestiario: Marián Bañobre. Música: Alonso Caxade. Coreografía: Armando Martén. Dirección e autoría: Santiago Cortegoso

100 min | Público adulto | 9 € / 5 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios

TALÍA TEATRO (Galicia)

Un deus salvaxe

Dous nenos duns once anos enfróntanse con violencia nun parque. Beizos inchados e dous dentes rotos...

Os pais da vítima convidan á súa casa aos pais do neno agresor para resolver o conflito. O que comeza sendo unha charla con bromas e frases cordiais, adquire un ton máis violento a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuízos sociais.

Talía afronta un texto moi importante na escena internacional, que é puro guiño, puro diálogo e pura interpretación. Unha oportunidade para achegarnos a unha sociedade cunha cara oculta.

Intérpretes: Marta Lado, Toño Casais, María Ordóñez e Dani Trillo. Vestiario: Martina Cambeiro. Escenografía e iluminación: Dani Trillo. Música: Manu Abraldes. Autora: Yasmina Reza. Dirección e adaptación: Artur Trillo

85 min | A partir de 13 anos | 7 € / 4 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios

21 MAR venres - 21.00



MICE DO MUSEO DO POBO GALEGO (Galicia)

586 Cantos

Música en directo e imaxe dialogan neste espectáculo, idea orixinal da Mostra I. de Cinema Etnográfico MICE do Museo do Pobo Galego, para pór en valor o papel das cantareiras. A orixe da proposta son as fotografías, as gravacións sonoras orixinais, as partituras e os textos froito da investigación de Dorothé Schubarth (coa colaboración de Antón Santamarina), que conforma o Cancioneiro Popular Galego.

Richi Casás lidera a parte musical desta obra na que conflúen pandeiretas, jazz e ritmos latinos e que toma como punto de partida os cantos recollidos pola súa avoa Rosa. As voces orixinais mestúranse maxistralmente coa interpretación contemporánea.

Músicos: Richi Casás, Frank Barcia, Tania Caamaño e Antía Ameixeiras. Audiovisual: Laura Piñeiro e Fran Rodríguez

45 min | Todos os públicos | 5 € / 3 €
Colabora MICE Museo Pobo Galego

23 MAR domingo - 18.00



ELEFANTE ELEGANTE (Galicia)

Kyoki

A palabra *Kyoki* significa demencia en xaponés. Alteración da capacidade para recordar, pensar e tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, pero... Quen non esqueceu algunha vez onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei ao revés?

A compañía Elefante Elegante retrata maxistralmente a través da linguaxe xestual e manipulación de obxectos temas tan importantes como a memoria, a vellez ou a demencia, creando un espectáculo cun universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole na vida cotiá.

Intérpretes: María Torres e Mario Rodríguez. Deseño de iluminación: Nacho Martín. Vestuario: Carolina Díguele. Deseño de son: Manuel Fonte. Adaptación e coreografía: María Torres e Gonçalo Guerreiro. Dirección: Gonçalo Guerreiro

45 min | A partir de 3 anos | 5 € / 3 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

Exposicións



DE LUNS A SÁBADO | DE 17.00 A 21.00

Do 13 de xaneiro ao 1 de febreiro

XVIII Premio Arte Gráfica Jesús Núñez



Selección de gravado da XVIII edición deste certame convocado anualmente pola Deputación da Coruña en homenaxe á obra do artista Jesús Núñez. A participación de 118 obras chegadas de 19

países é indicativa do prestixio e repercusión internacional desta iniciativa. Na mostra poderemos desfrutar dunha selección de 30 obras incluída a gañadora, a peza "10 grados" do artista bilbaíno Juan Carlos Escudero.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende
Organiza: Deputación da Coruña e Concellaría de Cultura

Do 31 de xaneiro ao 28 de febreiro



O son do nordés

Retrospectiva da artista plástica moi vinculada a Carballo, Loli España. Nesta mostra presenta algunhas das obras que foi realizando dende que se licenciou

en Belas Artes, prezándose as diferentes etapas do seu proceso creativo. Paisaxes de fantasía recreadas con materiais de experimentación e fundidas coas cores tradicionais nunha procura permanente.

Inauguración venres 31 amenizada pola soprano Susana de Lorenzo e as filmacións de Jesús Artéxtaxis. Andar -1 do Pazo da Cultura. Organiza: Concellaría de Cultura



Do 26 de febreiro
ao 18 de marzo

18º Premio de Creación Fotográfica Luis Ksado

Obras premiadas na XVIII edición deste galardón organizado pola Deputación da Coruña, un referente no eido da fotografía que este ano recaeu na serie "Alén" de Vicente Fraga, onde atopamos imaxes da Galicia rural máis esquecida, en proceso de desaparición. Paisaxes suxerentes, interiores marcados polo paso do tempo, retratos onde ollamos a memoria... Imaxes realizadas dende un punto de vista formal moi sobrio. Documentalismo lírico da Galicia que se nos vai.

Visita guiada mércores 26 de febreiro ás 19.30 a cargo de Xurxo Lobato. 3º andar, sala de exposicións Alberto Gende. Organiza: Deputación da Coruña e Concellaría de Cultura



Do 10 de abril ao 10 de maio

XXVII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Selección das obras presentadas á XXVII edición deste Certame de carácter anual co que o Concello de Carballo quere contribuir ao fomento e a divulgación da fotografía. A mostra está composta polas imaxes premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

Visita guiada mércores 23 de abril ás 19.30 a cargo de Ángel Cordero. 3º andar, sala de exposicións Alberto Gende. Organiza: Concellaría de Cultura. Colabora Fundación Luís Calvo Sanz e Interfilm Carballo



CICLO CINE AMAL



7 FEBREIRO
BUTACAZERO



14 FEBREIRO
DAVID AMOR E J. PORTO



16 FEBREIRO
PT EXCÉNTRICAS



21 FEBREIRO
IBUPROFENO TEATRO



14 MARZO
TALÍA TEATRO



20 MARZO
DOROTHÉ NA VILA



21 MARZO
586 CANTOS



23 MARZO
ELEFANTE ELEGANTE




28 MARZO
PAULA QUINTAS



29 MARZO
MARTA ALONSO



5 ABRIL
LALI AIGUADE



6 ABRIL
LOWLAND PERFORMING ARTS



11 ABRIL
DANIEL RODRÍGUEZ



CERTAME XM EIRÍS



CONCERTOS CMUS



A TRAVÉS DA LENTE



EXPOSICIÓN



Primavera EnDanza XXIII EDICIÓN

A XXIII edición de Primavera enDanza chegará con máis forza a Carballo, sendo xa unha cita obrigada para os amantes da danza en Galicia na que encontraremos unha importante e selecta programación de espectáculos de artistas consolidados ou emerxentes, galegos e de fóra de Galicia, con estreas no noso escenario, que nos darán a coñecer a riqueza desta disciplina na que atoparemos o máis contemporáneo e innovador das artes escénicas.

Desde a plasticidade nas coreografías, as reflexións sobre o efémero da vida e a transformación na comunicación humana, os discursos sobre o valor do noso pasado no presente e na aposta para un futuro mellor, xunto coa empatía e a fugacidade, misturaranse con técnicas, linguaxes e disciplinas que nos levan desde o movemento, ao baile, ao folclore, á tradición, ás novas tecnoloxías, á instalación, ao teatro físico, á improvisación, á música en directo ou ao circo.

Unha mirada, maioritariamente feminina, da danza contemporánea entrelazada con outras disciplinas, e da que o público poderá saber algo máis, pois os creadores e intérpretes contarán todas as claves ao rematar cada espectáculo.

Viaxa con nós por este universo de coreografías e sensacións únicas!!

28 MAR venres - 21.00



ESTREA
ABSOLUTA



PAULA QUINTAS (Galicia) Aurora Boreal

Paula Quintas regresa de novo ao noso escenario para estrear a súa nova produción: *Aurora boreal*. Unha proposta inmersiva na que se reflexiona sobre a durabilidade das cousas, a través dun elemento escenográfico efémero: o xeo.

Da man de dúas excelentes creadoras e autoras, Paula Quintas e Rut Balbís, a peza pon o foco na simboloxía das auroras boreais, e a súa fugacidade, algo que acontece igualmente coa danza, que realiza coreografías rápidas, cambiantes e efémeras.

Intérprete: Paula Quintas. Deseño de iluminación: Octavio Mas. Escenografía: Paula Quintas e Carla Andrade. Música: Macarena Montesinos e Nacho Muñoz. Autoría e coreografía: Paula Quintas e Rut Balbís. Dirección: Rut Balbís

50 min | A partir de 12 anos | 5 € / 3 €
Rede Galega de Teatros e Auditorios

Organiza:



CONCELLARÍA
DE CULTURA



Colaboran:



XUNTA
DE GALICIA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Deputación
DA CORUÑA

29 MAR sábado - 20.30



5 ABR sábado - 20.30



6 ABR domingo - 18.00



11 ABR venres - 21.00



© Carlota Mosquera



© Jordi Vidal



© Tristán Pérez e Martín-La Caldera



MARTA ALONSO (Galicia) *Sofá*

A Marta e a Pablo, que se coñeceron bailando, vanlles máis as tardes de sofá e danza. De sofá e de teatro. De sofá e circo. Son unha parella normal... pero non. Porque... a quen se lle ocorre que os problemas se poden solucionar facendo un espectáculo de danza cun sofá?

Marta Alonso presenta danza, teatro, circo e música en directo para falar dunha parella que podería ser a túa. Coa emoción é con quen soña a arte cando se bota a dormir nas tardes de sofá e sesta.

Intérpretes e creación: Pablo Reboleiro e Marta Alonso. Espazo sonoro: Mounqup, Pablo Reboleiro. Deseño de escenografía: Jose Perozo & Sandra Camalea. Iluminación: Ángel Sousa. Dirección de movemento e coreografía: Cía Sharon Fridman, Melania Olcina Yuguero, Arthur Bernard Bazi

70 min | Público adulto | 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

LALI AYGUADÉ (Cataluña) *Together to get there*

Un encontro entre dous, un abrazo, o sentir do outro, a comunicación sen palabra, o sentir inmerso nun mundo creado entre dous. Un tempo que se expande e se detén como se nunca fora a acabarse.

Lali Ayguadé é unha das referencias da danza contemporánea en España, sendo a primeira vez que actúa en Primavera enDanza para presentar unha proposta de transformación. Onde nun instante olvídanse e saen á luz as diferencias; os polos opostos, a fragilidade e a forza; o deixarse caer e o desexo polo control. O equilibrio e a inestabilidade. A verdadeira natureza humana.

Intérpretes e dirección artística: Akira Yoshida & Lali Ayguadé. Vestiario: Ferran Casanova. Deseño de son: Donald Beteille. Deseño de iluminación: Fermín Izko

50 min | Público adulto | 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

LOWLAND PERFORMING ARTS (Cataluña) *Cometa*

Unha cosmonauta, cun casco na man, sobre un transbordador espacial. Así é Cometa, unha viaxeira inesperada que nos invita a mirar o noso entorno con ollos novos. Os máis cativos e cativas, desde dentro do escenario, gozarán dunha aventura galáctica que nos redescubrirá a gravidade e o poder da empatía, grazas á xeometría e a velocidade da luz.

A bailarina e creadora Roser López Espinosa combina con maestría o xogo físico, os elementos acrobáticos e o amor polo detalle, creando un imaxinario cheo de xogo cun toque de humor.

Interpretación: María Arroncs. Música orixinal: Mark Drillich. Vestiario: Asa Gjestrad. Deseño de iluminación: Jou Serra. Creación: Nora Byalach. Dramaturxia: Katarina Pejovi. Concepto e Coreografía: Roser López Espinosa

60 min | Todos os públicos | 5 € / 3 € (Entrada limitada)

Rede Galega de Teatros e Auditorios

DANIEL RODRÍGUEZ (Galicia) *Transeúnte*

A partir de catro bailaríns e dous músicos iníciase un diálogo entre a música, o canto e a danza tradicional coa danza contemporánea, no que se reflexiona sobre a relación das novas xeracións co folclore. Esta coreografía é unha viaxe que honra o pasado, vive o presente e busca e abraza o futuro, unha dualidade entre o permanente e o transitorio.

O bailarín e coreógrafo Daniel Rodríguez presenta o seu novo traballo no que aposta por unha creación multisensorial onde corpo, música e tecnoloxía se entrelazan para construír un contexto único.

Intérpretes: Javier de la Asunción, Andrea Pérez, Laura García e Daniel Rodríguez. Voz: Aída Tarrío e intérpretes. Música: Aída Tarrío e Artur Puga. Deseño de iluminación: Mauricio Pérez. Mirada externa: Arnau Pérez. Dirección e coreografía: Daniel Rodríguez

50 min | A partir de 8 anos | 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

A través da lente

Encontro para os amantes da fotografía e a imaxe



20 MAR xoves - 20.00



Retomamos este programa que pon en relación diversas accións de fomento e difusión das artes da imaxe e audiovisuais, arredor da fotografía e do cine.

O compromiso da Concellaría de Cultura coa promoción da fotografía maniféstase, no Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, unha consolidada convocatoria con 27 anos de traxectoria, 110 obras gañadoras e máis de 3.500 participantes.

O Certame expándese con actividades formativas e de exposicións que se celebran ao longo de todo o ano, que pretenden ser un espazo de encontro para os amantes da fotografía, como a presentación de libros fotográficos, visitas guiadas a exposicións como ao Premio Luis Ksado ou o Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, e o curso sobre o estilo na fotografía.

No ámbito audiovisual, desfrutaremos dunha nova edición do ciclo de cine euroárabe Amal en Ruta, ou co interesante documental con autoría do carballés Alejandro Gándara que pon de relevo a riqueza do patrimonio sonoro e das cantareiras, que protagonizarán o Día das Letras Galegas.

Presentación do libro Homes e mulleres de sal e ferro

Mércores 12 de febreiro, 19.30

O fotógrafo, Xesús Búa presenta neste libro a historia gráfica dos percebeiros da Costa da Morte. Diálogo íntimo e sensible con escenas de faena e retratos duns protagonistas con sal nas veas. 175 fotografías, algunhas das cales puidemos ver en formato expositivo no Pazo da Cultura no 2020.

Presentación a cargo de Xan Fernández e Xesús Búa.

Salón de actos, 2º andar do Pazo da Cultura
Organiza: Concellaría de Cultura

Visita guiada 18º Premio de creación fotográfica Luis Ksado

Mércores 26 febreiro, 19.30

A cargo de Xurxo Lobato, recoñecido fotógrafo e comisario de dito premio.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende. Organiza: Deputación da Coruña e Concellaría de Cultura

Curso Na procura do estilo fotográfico

12 e 26 marzo e 9 abril, de 19.30 a 21.00

Unha reflexión sobre como nos representan as nosas fotografías e como queremos que nos representen. Ideas e estratexias para adquirir un estilo propio. Impartido por Ángel Cordero Gómez.

Inscripción gratuíta previa solicitude nas oficinas de Cultura ou no enderezo electrónico culturacarballo@carballo.gal. Prazo de solicitudes do 18 de febreiro ao 7 de marzo. Salón de actos, 2º andar do Pazo da Cultura
Organiza: Concellaría de Cultura

XXVII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Concurso anual organizado pola Concellaría de Cultura. Cada autor pode presentar un máximo de 3 obras e o tema das obras é libre. 3.050 € en premios. Prazo de admisión de obras ata o 26 de marzo, bases e solicitude de participación proximamente na páxina web do Concello www.carballo.gal.

Organiza: Concellaría de Cultura
Patrocina: Fundación Luis Calvo Sanz e Interfilm Carballo

> 10 de abril, 20.00: Acto de entrega de premios e inauguración da exposición

> 23 de abril, 19.30: Visita guiada á mostra do Certame

A cargo de Ángel Cordero, fotógrafo profesional, membro do xurado e expofesor da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

Ciclo Amal en Ruta

Do 30 de xaneiro ao 20 de febreiro

Información ao comezo deste programa.



DOCUMENTAL Dorothe na vila

A musicóloga Dorothe Schubart chegou a Galicia a finais dos 70 e realizou a maior compilación de músicas tradicionais do país.

Corenta anos despois dúas mozas inician unha viaxe tralos seus pasos para atopar as voces que ela recolleu e descubrir as súas historias de vida. Un traxecto no que conviven a alegría de volver cantar e a frustración de chegar tarde para coñecer un mundo que desaparece.

Presentarán a longametraxe e finalizarán cun coloquio o coautor carballés Alejandro Gándara e un dos protagonistas da historia, Richi Casás, que ao día seguinte nos ofrecerá un concerto.

Premio Luísa Villalta da Deputación da Coruña e finalista nos Mestre Mateo.

Dirección e guiño: Alejandro Gándara e Olaia Tubío

87 min | Entrada gratuíta ata completar aforo

Auditorio do Pazo da Cultura. Organiza: Concellaría de Cultura

Outras propostas



Teatro escolar > 12 e 13 de febreiro

COMPañÍA AMORODIO TEATRO. *A nai*
IES de Carballo e Comarca de Bergantiños.

Organiza: Deputación da Coruña e Concellaría de Cultura

Concertos do CMUS Carballo

8 febreiro, 19.30: Concerto de Bandas Sonoras da Banda Municipal CMUS de Carballo.

7 marzo, 19.30: 1º Certame de Bandas de Música, Banda Municipal Infantil CMUS de Carballo, Banda de Música Municipal de Brión e Banda de Música Municipal CMUS de Carballo.

22 abril, 20.00: 3º Encontro de Big Bands.

Auditorio Pazo da Cultura. Entrada libre ata completar aforo. Organiza: CMUS Carballo

Día da muller e a nena na ciencia

8 febreiro, 10.00 e 17.00: Talleres de robótica, de montaxe e conducción de vehículos Infento.

Mercado Municipal e Praza do Concello. Prazas limitadas. Inscripción en www.carballo.gal

Do 8 febreiro ao 8 de marzo: Exposición *Mulleres guerrilleiras: investigadoras de Carballo*.

Praza do Concello

9 de febreiro, de 10.00 a 14.00: II Feira do Día da Muller e a Nena na Ciencia. Currunchos científicos con investigadoras carballesas, zona de experimentos, ludoteca e espectáculo teatral *H2...Oh!*, con María Canosa e Teatro Ghazafellos.

Mercado Municipal. Organizan: Concellarías de Innovación e Igualdade

Contacontos cos Ratiños e ratiñas de Loxnedetodo

A cargo de Trinke Trinke Teatro. Cada día un conto diferente, para nenos e nenas entre 4 e 8 anos.

29 xaneiro / 12 e 26 febreiro / 5 e 19 marzo / 2, 16 e 30 abril. Horario: 17.30 e 18.30

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Aforo limitado. Inscripción previa unha semana antes no 981 758 580. Organiza: Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

Programa Apego

Para nenos e nenas de 0 a 6 anos.

5 febreiro: GRICA: *Que contan os fósiles?*

19 febreiro: GRICA: *A nosa Lúa*

12 marzo: BONECOS ANIMACIÓN: *Xogos con Apego*

26 marzo: XABI LONGUEIRÓN: *Máis música!*

9 abril: VÍA INQUEDA: *Andaina Anllóns Rede Natura*

23 abril: CRIS DE CALDAS: *Tarde de contos en familia*

Aforo limitado. Inscrición previa en snl@carballo.gal.

+ Info 626 125 495. Organiza: Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

Curruncho Pop 2025

15 febreiro > 20.00: ALBERTO MORENO

15 marzo > 19.30: Presentación do libro: *The*

Byrds. Más jóvenes que ayer, polo seu autor

FERNANDO LÓPEZ. Concerto: **OS BIRDIÑOS**

26 abril > 19.30: Presentación do libro: *The Velvet*

Underground, por **PEDRO GRANNEL.**

Concerto: **OS VELUDOS SOTERRADOS**

24 maio > 19.30: Presentación do libro: *Lux*

and Ivy. Una cita con los Cramps, polo seu autor

JUANJO MESTRE. Concerto: **AS CAMBRAS**

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Aforo limitado.

Organiza: Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

Atlantic Games Conference

4 e 5 de abril

Evento de networking, formación e ocio no ámbito dos videoxogos.

Fórum Carballo. Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

XVIII Semana do libro e da lectura

Do 22 ao 25 de abril

Múltiples actividades durante todo o día para gozar dos libros.

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Organiza: ASPG e Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

XII Festival Carballo Interplay

Do 24 ao 27 de abril

Festival de contidos dixitais que recolle novas propostas e xeitos de entender a narración e a cultura audiovisual en relación coa rede.

Mercado Municipal. Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

+ Info >

TODAS AS ACTIVIDADES TERÁN LUGAR NO PAZO DA CULTURA DE CARBALLO, EXCEPTO AS QUE INDICAN OUTRO LUGAR

Lugares e datas de venda de entradas

VENDA ANTICIPADA: www.carballo.gal ou <https://billeteira.carballo.gal>. A partir do 24/01.

VENDA DIRECTA: Día da función, na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

Prezos dos espectáculos con entrada

BONO VENRES

CULTURAIS

(7, 14 e 21 febreiro, 14 e 21 marzo)

- Prezo ordinario: 23 €

- Prezo reducido: 18 €

BONO DANZA

(28, 29 marzo, 5, 6 e 11 abril)

- Prezo ordinario: 20 €

- Prezo reducido: 15 €

ENTRADAS

Segundo o especificado en cada espectáculo:

- **Prezo ordinario:** 5 €, 7 € e 9 €

- **Prezo reducido:** 3 €, 4 € e 5 € (estudantes

con carné de estudante, maiores de 60 anos, menores de 18 anos e persoas con certificado de discapacidade). Deberá acreditarse

debidamente a circunstancia especial no acceso ao espectáculo.

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Pégase puntualidade. A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio do espectáculo. Unha vez comezada a función non se garante o acceso a sala e a organización poderá facer uso da localidade. As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo. Se por razóns de produción tivera que ser ocupada algunha localidade, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado. Non se permite a entrada de comida ou bebida. Resérvese o dereito de admisión. Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e non perturbar o bo desenvolvemento da función, non está permitido fotografar, filmar ou gravar o espectáculo sen autorización expresa da organización e do artista. Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles. A adquisición desta entrada supón a aceptación de posibles indicacións de carácter organizativo.

Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n.
15100 Carballo. GPS: Latitude
43.211702 | Lonxitude -8.695394
981 70 43 00 | cultura@carballo.gal
www.carballo.gal

